

Bases de Participación

Datas:

- Inscripción e envío postal ao certame estará aberto até o **16 de agosto de 2024**
- Os premios serán anunciados o **6 de setembro de 2024**
- Exhibición itinerante das obras do **6 de setembro ao 6 de decembro de 2024**
- Devolución das obras non doadas a partir do **6 de decembro de 2024**

As Obras:

O premio está aberto a todas as disciplinas de estampación e obra dixital impresa.

- Aceptaránse ata 3 obras diferentes por artista.
- Non hai medida mínima de imaxe pero as medidas do papel deben ser de 20 x 20 cm.
- As obras non poden ser anteriores ao ano 2022, nin pertencer a artistas falecidos.
- As obras estarán debidamente asinadas na fronte. No dorso, deben figurar as características técnicas da obra e os datos do artista perfectamente lexibles.

As obras serán enviadas por CORREO CERTIFICADO, nun simple paquete, sen marco, cristal nin paspartú ata o día 31 de xullo de 2024. O selo postal debe acreditar esa data límite.

Escribir na fronte do paquete **“IMPRESOS” e “SEN VALOR COMERCIAL”**.

Destinatario: MINI PRINT GALICIA / CASA DA CULTURA DE CANGAS

Enderezo: PRAZA DE SAN XOÁN, 24, Cangas do Morrazo, (Pontevedra – Galicia), 36940, España

Email: concurso@miniprint-galicia.gal

Teléfono: + 34 986304550

Premios:

Entregaranse os seguintes premios:

1º Premio: € 2000

2º Premio: € 1000

3º PREMIO: € 500

Ademais dos 3 primeiros premios, o xurado outorgará tres mencións.

As obras premiadas pasarán a formar parte do patrimonio do fondo de arte da Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea e non serán devoltas.

O montante dos premios transferirase aos artistas durante os 30 días posteriores ao fallo dos premios, á conta bancaria que figure no formulario de inscrición.

Formulario de Inscrición

O formulario de inscrición estará dispoñible en www.miniprint-galicia.gal e todos os ocios do formulario deberán ser completados.

Os datos persoais débense completar de igual modo que figuran no seu **Documento de Identidade** ou **Pasaporte**. Os datos persoais serán gardados de modo seguro e os participantes poden pedir que sexan destruídos despois do concurso.

Ao encher o formulario, por favor, use calquera destes tres idiomas: español, galego ou inglés

As obras non premiadas poden ser **devoltas** aos participantes ou poden ser **doadas** ao Fondo de Arte da Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea. Esta información debe ser especificada no formulario de inscrición.

Os datos persoais e a dirección deben ser correctas e lexibles, xa que será cos devanditos datos que se realizará a devolución das obras, en caso de requirilo.

Cota de participación

A cota de participación é:

– Residentes na Unión Europea:

€ 50 (cincoenta euros) incluída a devolución das obras por correo certificado

€ 25 (vintecinco euros) sen devolución das obras (doazón)

– Non residentes na Unión Europea:

€ 55 (cincoenta e cinco) incluída a devolución das obras por correo certificado

€ 35 (trinta e cinco euros) sen devolución (doazón)

Despois de encher debidamente o formulario de inscrición debe efectuar o pago da cota correspondente á participación do certame a través do noso sitio www.miniprint-galicia.gal por:

a) transferencia bancaria (os custos de transferencias internacionais serán a cargo do participante)

O pago efectuarase a nome de **Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea**

Datos da conta:

CCC: 0049 7825 13 2910009587

IBAN: ES70 0049 7825 13 2910009587

BIC/CÓDIGO SWIFT: BSCHESMMXXX

(Banco SANTANDER, Av. de Concepción Arenal, 132, 36950 Moaña, Galicia, España)

b) Aplicación **Stripe**

O xurado e a selección dos premios:

O xurado estará formado por 6 membros:

- **Leonardo Rial**, artista e Director da Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea (Galicia, España)
- **Néstor Goyanes**, gravador e promotor cultural (Arxentina)
- **Weronika Siupka**, gañadora do Primeiro Premio do 1º Miniprint Internacional Galicia 2022-2023 (Polonia)
- **Xoán Pastor**, Director do Museo do Gravado de Artes, Ribeira (España)
- **Maite Meixide**, gañadora do Premio Especial Galicia no 1º Miniprint Internacional Galicia 2022-2023 (España)
- **Fruela Alonso Blanco**, artista plástico e Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo (Asturias, España)

O xurado deliberará na **Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea** e valorará só as obras que cumpran con todos os requisitos das Bases. Aquelas que se reciban sen respectar estas normas non participarán nin lles serán devoltas.

A decisión do xurado será inapelable e publicada no sitio: www.miniprint-galicia.gal. Os artistas gañadores serán informados tamén mediante correo electrónico.

Espazo de exhibición das obras

Inauguración:

Concello de Cangas do Morrazo: 6 de setembro ao 5 de outubro de 2024, na Sala de Exposicións “Ángel Botello” da Casa da Cultura, ás 20 hs.

Dende o 6 de outubro ao 6 de decembro as obras serán expostas en diferentes lugares aínda por decidir.

Catálogo:

Editáranse 50 catálogos impresos que se entregarán aos artistas premiados, membros do xurado e entidades e institucións colaboradoras.

Este catálogo, en baixa resolución, será enviado por correo electrónico a todos os participantes e tamén estará dispoñible, en alta resolución, para descarga gratuíta na nosa páxina web www.miniprint-galicia.gal

Para completar os catálogos empregárase a información persoal e das obras conforme ao formulario de inscrición.

Devolución das obras

Os artistas non premiados que optasen pola **Devolución das obras**, e pagaran a correspondente cota de participación, seránlle devoltas por Correo Certificado (Correos de España) a partir do 6 de decembro de 2024.

As obras serán enviadas ao enderezo que figura no formulario de inscrición.

É importante que nos notifique sobre calquera cambio de dirección que poida haber entre o envío das obras e a data de finalización do certame. Se o paquete postal é devolto por Correos, os participantes serán notificados por email e poderán enviarnos un novo enderezo para facer un segundo envío. Neste caso, os participantes deberán abonar o custo adicional do mesmo.

Guía de participación

Cada artista participante, antes do 16 de agosto de 2024, debe:

- 1. Completar integramente o formulario de inscrición en liña.**
- 2. Pagar a correspondente cota de participación,** dependendo se quere que as obras sexan DOADAS ou DEVOLTAS.
- 3. Enviar por correo postal certificado: as obras participantes, copia do formulario da inscrición e o comprobante de pago.**
- 4.- A recepción das obras non serán notificadas.** As obras premiadas e as mencións serán publicadas na nosa web e os artistas premiados notificados por correo electrónico.

*** Nota**

A **Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea** resérvase o dereito de reproducir as obras recibidas xa sexa para promoción, difusión e fins culturais.

Aínda que as entidades responsables do certame velarán polo estado óptimo das obras, manipulándoas co maior dos coidados, non se responsabilizarán por posibles danos, perdas, demoras ou retencións en Aduana que poidan ocasionarse durante o envío ou na exhibición das mesmas.

A organización ten potestade para resolver imprevistos que puidesen xurdir. A participación no concurso implica a aceptación total destas bases.